



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 45
16 de xaneiro de 2017



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Emendas ao articulado e ao estado de gastos do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017

GRUPO I

Emendas ao articulado do Proxecto

Emendas do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 2794)	8223
Emendas do G. P. de En Marea (doc. núm. 2826 e corrección de erros no doc. núm. 2956)	8226
Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 2817 e corrección de erros no doc. núm. 3060)	8241
Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 2778)	8259

GRUPO II

Emendas ao estado de autorización de gastos

1. Clasificación xeral
2. Observacións
3. Clasificación por seccións e entidades públicas instrumentais

3.1. Seccións

Sección 04 PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

G. P. Popular de Galicia, núm. 1 (doc. núm. 2803)	8272
G. P. de En Marea, núms. 16 a 27 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955)	8274
G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 1 a 18, 21 a 35 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822)	8316
G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 1 a 5, 7 e 300 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044)	8374

Sección 05 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

G. P. Popular de Galicia, núms. 1 e 2 (doc. núm. 2804)	8426
G. P. de En Marea, núms. 1 a 15 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955)	8274
G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 36 a 69 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822)	8316

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 8 a 19 e 296 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044) [8374](#)

Sección 06 CONSELLERÍA DE FACENDA

G. P. de En Marea, núm. 28 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955) [8274](#)

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 70 a 73 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 20 a 22 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044) [8374](#)

Sección 07 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

G. P. de En Marea, núms. 29 a 50 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955) [8274](#)

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 74 a 103 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 23 a 39 e 307 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044) [8374](#)

Sección 08 CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

G. P. de En Marea, núms. 51, 61 e 62 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955) [8274](#)

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 193 a 195, 205 a 207 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 40 a 44, 46, 47, 49, 58 a 61 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044) [8374](#)

Sección 09 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

G. P. de En Marea, núms. 64 a 70 bis (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955). [8274](#)

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 229 a 235, 284 a 300 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 62 a 82, 294, 295, 305 e 306 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044) [8374](#)

Sección 10 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

G. P. de En Marea, núms. 71 a 75 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955) [8274](#)

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 301 a 393 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 83 a 141, 297, 298, 299, 301 a 304 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044) [8374](#)

Sección 11 CONSELLERÍA DE SANIDADE

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 142, 194, 199, 200 e 203 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044) [8374](#)

Sección 12 CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- G. P. de En Marea, núms. 85 a 90 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955) [8274](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 433 a 441 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)
G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 204 a 240 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044) [8374](#)

Sección 13 CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- G. P. de En Marea, núms. 91 a 95 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955) [8274](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 442 a 465 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)
G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 241 a 245, 257 a 259, 292 e 293 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044) [8374](#)

Sección 14 CONSELLERÍA DO MAR

- G. P. de En Marea, núms. 96 a 103 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955) [8274](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 466 a 498 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)
G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 260 a 291 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044) [8374](#)

3.2. *Entidades públicas instrumentais*

A) ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

- G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 209 a 228 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)
G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 45, 48, 50 e 57 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044) [8374](#)

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- G. P. de En Marea, núms. 76 a 84 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955) [8274](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 394 a 432 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)
G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 143 a 193, 195 a 198, 201, 202, 308 e 309 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044) [8374](#)

B) AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 19 e 20 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núm. 6 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044) [8374](#)

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

G. P. de En Marea, núms. 52 a 60 e 63 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955) [8274](#)

G. P. dos Socialistas de Galicianúms. 104 a 192, 196 a 204 e 208 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822). [8316](#)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 51 a 56 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044). Nas emendas números 53, 54 e 55, a denominación do crédito que se reduce debe ser «obras en materia de estradas» [8374](#)

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 250 a 260 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 236 a 249 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 261 a 283 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núm. 256 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044) [8374](#)

C) ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

AUGAS DE GALICIA

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 503 a 575 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)

PORTOS DE GALICIA

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 499 a 502 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) [8316](#)

Corrección de erros presentada pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (doc. núm. 2846) [8429](#)

D) CONSORCIOS AUTONÓMICOS

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 576 a 603 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822)

[8316](#)

4. *Anexos*

ANEXO DE PERSOAL

Corrección de erros presentada pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (doc. núm. 2845) no anexo de persoal

[8433](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

■ Resolución da Presidencia, do 15 de decembro de 2016, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 1008/2008 sobre normas comúns para a explotación de servizos aéreos na Comunidade [COM(2016)818 final] [2016/0411 (COD)]

-10/UECS-000026 (3254)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiaridade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 1008/2008 sobre normas comúns para a explotación de servizos aéreos na Comunidade [COM(2016)818 final] [2016/0411 (COD)]

[8434](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

■ Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 43, do 12 de xaneiro de 2017, en relación coa Pregunta oral en Pleno 2723 (10/POP-000269)

[8222](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado ao estado de gastos do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, reunida o 16 de xaneiro de 2017, examina a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas parciais ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017, que rematou ás 13.00 horas do 31 de decembro de 2016 e que se indican a continuación:

—Docs. núms. 2794, 2803 e 2804, presentados polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

—Docs. núms. 2826 (corrección de erros no doc. núm. 2956) e 2834 (corrección de erros no doc. núm. 2955), presentados polo Grupo Parlamentario de En Marea.

—Docs. núms. 2817 (corrección de erros no doc. núm. 3060) e 2818 (corrección de erros no doc. núm. 2822), presentados polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

—Docs. num. 2778 e 2833 (corrección de erros no doc. núm. 3044), presentados polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.4, 129 e 130 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas parciais ao articulado e ao estado de autorización de gastos presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017

2º. Clasificalas nos grupos que a seguir se especifican e adoptar as decisións que se sinalan en relación coa súa admisión a trámite:

GRUPO I

Emendas ao articulado do Proxecto

A) Emendas do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 2794)

Preséntanse 4 emendas e admítense a trámite.

B) Emendas do G. P. de En Marea (doc. núm. 2826 e corrección de erros no doc. núm. 2956)

Preséntanse 25 emendas e admítense todas elas a trámite.

A emenda número 1 ao artigo 2 do proxecto de lei (doc. núm. 2826 e corrección de erros no doc. núm. 2956) fixa o importe dos orzamentos consolidados de gastos en 11.301.147.972 euros. Este aumento en 500 millóns de euros sobre a contía orzada está orixinado na emenda á totalidade número 1 (doc. núm. 2535 e corrección de erros no doc. núm. 2595) deste grupo parlamentario, que incrementa os gastos por operacións non financeiras nesa cantidade nas actuacións descritas nas aplicacións indicadas nelas e que financia cos ingresos que tamén se especifican na emenda.

C) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 2817 e corrección de erros no doc. núm. 3060)

Preséntanse 48 emendas e admítense todas elas a trámite.

A emenda número 1 ao artigo 2 do proxecto de lei (doc. núm. 2817 e corrección de erros no doc. núm. 3060) fixa o importe dos orzamentos consolidados de gastos en 11.171.547.972 euros. Este aumento sobre a contía orzada en 718.303.911 euros está orixinado na emenda á totalidade número 1 (núm. de rexistro 2571) deste grupo parlamentario, que incrementa os gastos por operacións non financeiras nas actuacións identificadas nas aplicacións sinalada nelas e que financia cos ingresos que tamén se especifican na emenda.

D) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 2778)

Preséntanse 33 emendas e admítense todas elas a trámite.

As emendas número 1 e 2 ao artigo 2 do proxecto de lei (doc. núm. 2778) fixa o importe dos orzamentos consolidados de gastos en 10.936,147.972 euros. Este aumento en 135 millóns de euros sobre a contía orzada está orixinado nas emendas á totalidade números 1 a 3 (núm. de rexistro 2569 e corrección de erros no doc. núm. 2613) deste grupo parlamentario, que incrementa os gastos por operacións non financeiras nesa cantidade nas actuacións descritas nas aplicacións indicadas nelas e que financia cos ingresos que tamén se especifican nas emendas.

GRUPO II

Emendas ao estado de autorización de gastos

1. Clasificación xeral

a) Emendas do G. P. Popular de Galicia (docs. núms. 2803 e 2804), ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 3 emendas e admítense a trámite.

b) Emendas do G. P. de En Marea (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955) ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 104 emendas e admítense a trámite.

c) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822) ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 603 emendas e admítense a trámite.

d) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044), ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 301 emendas e admítense a trámite.

Advírtese que a emenda inmediatamente posterior á número 245 está identificada co número 256, a partir do cal se efectúa unha numeración correlativa ata o número 309.

2. Observacións

Hai emendas que reducen o importe dos créditos destinados a ser transferidos para financiar, con cargo aos capítulos 4 «Transferencias correntes» e 7 «Transferencias de capital» do orzamento de gastos da sección correspondente ou do orzamento de gastos dunha entidade instrumental con orzamento limitativo (organismos autónomos e axencias públicas autonómicas), operacións correntes e de capital doutras entidades instrumentais que dependen da sección. Igualmente, hai emendas que minoran os créditos clasificados no capítulo 8 «Activos financeiros» do orzamento de gastos destinados a financiar aumentos de capital ou realizar achegas aos fondos propios de entidades instrumentais con orzamento estimativo para fortalecer o seu patrimonio neto. Pero esas emendas non rebaixan os orzamentos de gastos das entidades instrumentais con orzamento limitativo nin os importes das contas correspondentes dos estados financeiros das que teñen orzamentos estimativos, afectados pola redución.

Así mesmo, existen emendas que traspasan crédito de servizos-órganos administrativos a servizos-entidades instrumentais con orzamento limitativo, de servizos-entidades instrumentais con orzamento limitativo a servizos-órganos administrativos ou entre as mesmas ou entre diferentes entidades instrumentais con orzamento limitativo, pertencendo todos estes servizos á mesma sección, pero sen facer as modificacións internas nos ingresos e gastos para equilibrar os seus orzamentos.

Malia que estas operacións contables deberían facerse na propia emenda ou, no seu defecto, a través dunha emenda complementaria á principal, tendo en conta os precedentes, non existe atranco formal para admitilas a trámite, ben que no caso de seren aceptadas sería necesario facer os correspondentes axustes na contabilidade orzamentaria das seccións e das entidades instrumentais con orzamento limitativo (concreción das aplicacións cuxos créditos habería que reducir) e tamén na contabilidade financeira (previsión de balance, previsión de conta de perdas e ganancias ou da conta do resultado económico-patrimonial e previsión de fluxos de efectivo) das entidades instrumentais con orzamento estimativo (entidades públicas empresariais, sociedades públicas mercantís, fundacións públicas e consorcios autonómicos) para posibilitar o desenvolvemento da actividade da entidade afectada e evitar un resultado do exercicio que podería incidir negativamente no seu patrimonio neto coas consecuencias que a lexislación establece.

Hai emendas singulares que minoran crédito de aplicacións de varios servizos-entidades instrumentais con orzamento limitativo ou de servizos-órganos administrativos pertencentes a unha sección para traspasalo a outra ou a outras aplicacións da mesma sección. Dado que non é posible

segregar ese tipo de emendas por constituíren unha unidade indivisible, recoméndase a súa tramitación indistintamente no orzamento da sección ou no orzamento da entidade instrumental.

As emendas que poden atoparse nesa situación son as seguintes:

A) Emendas do Grupo Parlamentario de En Marea: 4, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 20, 28, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 51, 56, 57, 61, 62, 63, 66, 67, 68, 75, 92 e 98.

B) Emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas: 3, 4, 5, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 70, 71, 72, 73, 83, 84, 193, 194, 195, 205, 206, 207, 297, 304, 305, 308, 309, 315, 316, 317, 318, 319, 323, 324, 325, 327, 328, 330, 331, 332, 333, 334 e 483.

C) Emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: 2, 3, 5, 7, 18, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 39, 40, 41, 42, 46, 47, 49, 58, 59, 60, 61, 63, 64, 67, 79, 80, 207, 208, 209, 210, 211, 212, 213, 214, 215, 216, 217, 218, 219, 220, 221, 222, 223, 224, 225, 226, 227, 230, 231, 232, 233, 234, 235, 236, 237, 238, 239, 260, 261, 262, 263, 300 e 307.

3. Clasificación por seccións e entidades públicas instrumentais

3.1. Seccións

Sección 04 PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

G. P. Popular de Galicia, núm. 1 (doc. núm. 2803).

G. P. de En Marea, núms. 16 a 27 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955). As emendas números 18, 19 e 20 non identifican con claridade a clasificación programática dos créditos das aplicacións cuxos créditos se reducen.

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 1 a 18, 21 a 35 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 1 a 5, 7 e 300 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

Sección 05 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

G. P. Popular de Galicia, núms. 1 e 2 (doc. núm. 2804).

G. P. de En Marea, núms. 1 a 15 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955).

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 36 a 69 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 8 a 19 e 296 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

Sección 06 CONSELLERÍA DE FACENDA

G. P. de En Marea, núm. 28 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955).

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 70 a 73 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 20 a 22 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

Sección 07 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

G. P. de En Marea, núms. 29 a 50 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955). Na emenda número 31, a aplicación cuxo crédito se aumenta probablemente non estea correctamente identificada.

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 74 a 103 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 23 a 39 e 307 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

Sección 08 CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

G. P. de En Marea, núms. 51, 61 e 62 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955).

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 193 a 195, 205 a 207 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 40 a 44, 46, 47, 49, 58 a 61 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

Sección 09 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

G. P. de En Marea, núms. 64 a 70 bis (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955).

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 229 a 235, 284 a 300 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 62 a 82, 294, 295, 305 e 306 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

Sección 10 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

G. P. de En Marea, núms. 71 a 75 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955).

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 301 a 393 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 83 a 141, 297, 298, 299, 301 a 304 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

Sección 11 CONSELLERÍA DE SANIDADE

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 142, 194, 199, 200 e 203 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

Sección 12 CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

G. P. de En Marea, núms. 85 a 90 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955).

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 433 a 441 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 204 a 240 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

Sección 13 CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

G. P. de En Marea, núms. 91 a 95 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955).

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 442 a 465 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 241 a 245, 257 a 259, 292 e 293 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

Sección 14 CONSELLERÍA DO MAR

G. P. de En Marea, núms. 96 a 103 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955).

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 466 a 498 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 260 a 291 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

3.2. *Entidades públicas instrumentais*

A) ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 209 a 228 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 45, 48, 50 e 57 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

G. P. de En Marea, núms. 76 a 84 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955).

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 394 a 432 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 143 a 193, 195 a 198, 201, 202, 308 e 309 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

B) AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 19 e 20 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núm. 6 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

G. P. de En Marea, núms. 52 a 60 e 63 (doc. núm. 2834 e corrección de erros no doc. núm. 2955).

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 104 a 192, 196 a 204 e 208 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núms. 51 a 56 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044). Nas emendas números 53, 54 e 55, a denominación do crédito que se reduce debe ser «obras en materia de estradas».

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 250 a 260 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 236 a 249 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 261 a 283 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

G. P. do Bloque Nacionalista Galego, núm. 256 (doc. núm. 2833 e corrección de erros no doc. núm. 3044).

C) ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

AUGAS DE GALICIA

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 503 a 575 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

PORTOS DE GALICIA

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 499 a 502 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

Admítese como corrección de erros a presentada pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (doc. núm. 2846) ao Programa de actuacións, investimentos e financiamento da entidade pública empresarial Portos de Galicia.

D) CONSORCIOS AUTONÓMICOS

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

G. P. dos Socialistas de Galicia, núms. 576 a 603 (doc. núm. 2818 e corrección de erros no doc. núm. 2822).

4. Anexos

ANEXO DE PERSOAL

Admítese como corrección de erros a presentada pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (doc. núm. 2845) no anexo de persoal.

CLASIFICACIÓN DO NÚMERO TOTAL DE EMENDAS

Grupo Parlamentario	Emendas ao articulado	Emendas aos estados numéricos	Total
G. P. Popular de Galicia	4	3	7
G. P. de En Marea	25	104	129
G. P. dos Socialistas	48	603	651
G. P. BNG	33	301	334
TOTAIS	110	1.011	1.121

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017.

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 15 de decembro de 2016, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 1008/2008 sobre normas comúns para a explotación de servizos aéreos na Comunidade [COM(2016)818 final] [2016/0411 (COD)]

-10/UECS-000026 (3254)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 1008/2008 sobre normas comúns para a explotación de servizos aéreos na Comunidade [COM(2016)818 final] [2016/0411 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 3254, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade na Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 1008/2008 sobre normas comúns para a explotación de servizos aéreos na Comunidade [COM(2016)818 final] [2016/0411 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladarlles o referido escrito á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3.) Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 43, do 12 de xaneiro de 2017, en relación coa Pregunta oral en Pleno 2723 (10/POP-000269).

Advertido un erro material na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 43, do 12 de xaneiro de 2017, no sumario e na páx. 7598, en relación coa Pregunta oral en Pleno 2723 (10/POP-000269), procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Onde di:

«- 2723 (10/POP-000269)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 6 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego dos datos do informe PISA 2015 no que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia»

Debe dicir:

«- 2723 (10/POP-000269)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 6 máis

Sobre as medidas da Xunta de Galicia que axudan á internacionalización da cultura galega»

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2017 (NUM. EXPE. 10/PL-000001).**

Emenda nº1, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 13

Onde di:

“Un.- Durante o ano 2017, no ámbito a que se refiren as letras b) e d) da alínea Un do artigo 11 desta lei, poderán proverse, en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que non poidan ser atendidas mediante procesos de reestruturación dos efectivos existentes, postos vacantes mediante a contratación de persoal laboral temporal ou mediante o nomeamento de persoal estatutario temporal ou persoal funcionario interino dos seguintes ámbitos: ...”

Debería dicir:

“Un.- Durante o ano 2017, no ámbito a que se refiren as letras b) e d) da alínea Un do artigo 11 desta lei, poderán proverse, sen necesidade da autorización conxunta a que se refire a alínea quinta do artigo 12 desta lei, en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que non poidan ser atendidas mediante procesos de reestruturación dos efectivos existentes, postos vacantes mediante a contratación de persoal laboral temporal ou mediante o nomeamento de persoal estatutario temporal ou persoal funcionario interino dos seguintes ámbitos: ...”

Emenda nº2, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 15

Onde di:

“Un.- Durante o ano 2017, no ámbito a que se refiren as letras c), f), g), h) e i) da alínea Un do artigo 11 desta lei poderán, en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que non poidan ser atendidas mediante procesos



de reestruturación dos efectivos existentes, realizarse contratacións de novo persoal laboral temporal e nomeamentos de persoal estatutario temporal e persoal funcionario interino para a cobertura de postos vacantes e substitucións transitorias cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano 2017 nos seguintes ámbitos:...”

Debería dicir:

“Un.- Durante o ano 2017, no ámbito a que se refiren as letras c), f), g), h) e i) da alínea Un do artigo 11 desta lei poderán, sen necesidade da autorización conxunta a que se refire a alínea quinta do artigo 12 desta lei, en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que non poidan ser atendidas mediante procesos de reestruturación dos efectivos existentes, realizarse contratacións de novo persoal laboral temporal e nomeamentos de persoal estatutario temporal e persoal funcionario interino para a cobertura de postos vacantes e substitucións transitorias cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano 2017 nos seguintes ámbitos:...”

Emenda nº3, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 32

Onde di:

“Un.- De conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, e en concordancia coa evolución da masa salarial do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma e coa normativa básica en materia de reposición de efectivos, autorízanse para o ano 2017 os custos do persoal docente e investigador e de administración e servizos das universidades do Sistema universitario de Galicia nas seguintes contías:

	Masa salarial	Cargas sociais	Total
A Coruña	77.446	12.054	89.500
Santiago de Compostela	128.362	16.028	144.390
Vigo	78.508	12.334	90.842
Total	284.316	40.416	324.732

...”

Debe dicir:

“Un.- De conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, e en concordancia coa evolución da masa salarial do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma e coa normativa básica en materia de reposición de efectivos, autorízanse para o ano 2017 os custos do persoal docente e investigador e de administración e servizos das universidades do Sistema universitario de Galicia nas seguintes contías:

	Masa salarial	Cargas sociais	Total
A Coruña	78.400	11.900	90.300
Santiago de Compostela	128.362	16.028	144.390
Vigo	79.508	12.334	91.842
Total	286.270	40.262	326.532

...”

Emenda nº4, de Modificación. Artigo 55

Modifícase o artigo 55” Transferencias derivadas de convenios ou subvencións”.

Onde di:

“.... ascenden a 208.519.555 euros ...”

Debe dicir:

““.... ascenden a 208.519.551 euros ...”

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/12/2016 14:08:13

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPOS PARLAMENTARIO DE EN
MAREA AO PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2017 (NUM. EXPE.
10/PL-000001).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 2

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

“Artigo 2.- Orzamentos da Administración xeral, dos organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas.
Un.- Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por importe de 11.301.147.972 euros, distribuídos da forma seguinte:

	Cap.I-VII Gastos non financeiros	Cap VIII Activos financeiros		Totais
Administración Xeral	5.173.193.771	94.407.569	1.590.345	6.857.783.685
Organismos Autónomos	3.711.558.816	14.148.867		3.725.707.683
Entidades públicas instrumentais ou de asesoramento	1.864.004			1.864.004
Axencias Públicas autonómicas	658.696.252	39.100.000	17.996.348	715.792.600
Totais	9.545.312.843	147.656.436	1.608.178.693	11.301.147.972

As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das axencias públicas representan 4.366.254.512. euros, distribuídos segundo o seguinte detalle:

Orixe	Destino			
	Organismos Autónomos	Entidades públicas instrumentais	Axencias Públicas autonómicas	Total
Admnistración Xeral	3.650.116.707	1.863.804	694.749.655	4.346.730.166
Organismos Autónomos			19.524.347	19.524.347
Total	3.650.116.707	1.863.804	714.274.002	4.366.254.513

Dous.-A desagregación dos créditos consonte a finalidade á que van destinados establécese de forma que se axuste os incrementos rexistrados nas táboas anteriores

Tres.- A distribución orgánica e económica do orzamento consolidado deberá ser formulada conforme coa proposta referida nos puntos anteriores

Catro.- Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 11.301.147.972 euros, distribuídos da forma seguinte:

	Cap.I-VII Ingresos non financeiros	Cap VIII Activos financeiros	Cap IX Pasivos financeiros	Totais
Administración Xeral e organismos estatutarios	9.007.851.718	22.179.632	2.020.664.501	90.032.051.851
Organismos Autónomos	216.169.323	655.000		216.824.323
Axencias Públicas autonómicas	200			200
Axencias Públicas Autonómicas	16.625.464	7.002.134	10.000.000	33.627.598
Totais	9.240.646.705	29.836.766	2.030.664.501	11.301.147.972

Cinco.- Os beneficios fiscais que afectan ós tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado á Comunidade Autónoma estímense en 1.658.947.594 euros, consonte o seguinte detalle:

-Imposto sobre sucesións e doazóns: 143.299.000 euros
-Imposto sobre a renda das persoas físicas (tarifa autonómica):
192.755.000 euros
-Imposto sobre transmisións e actos xurídicos documentados:
136.834.594 euros
-Imposto sobre o patrimonio: 21.510.000 euros
-Imposto sobre o valor engadido: 1.233.930.000 euros
-Imposto sobre hidrocarburos: 89.335.000 euros
-Imposto sobre Alcohol e Bebidas Derivadas: 3.280.000 euros
En cumprimento do establecido no artigo 55.2. da Lei 6/2003,
do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras
da Comunidade Autónoma de Galicia, o importe das
subvencións reguladoras fíxase en 178.087.843 euros.“

Emenda nº2, ao apartado n), de Supresión. Artigo 5

Débase suprimir no apartado n) o texto do segundo parágrafo:

"No suposto de que as obrigas recoñecidas ata ese momento superen o importe real da transferencia, o seu financiamento realizarase mediante as oportunas minoracións noutros créditos, preferentemente de operacións correntes, da sección de que se trate."

Emenda nº3, ao apartado q), de Supresión. Artigo 5

Débase suprimir o apartado q)

Emenda nº4, ao apartado r), de Supresión. Artigo 5

Débase suprimir o apartado r)

Emenda nº5, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 7

Débase suprimir o texto da letra c) do apartado Un.

Emenda nº6, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir no apartado Tres a seguinte expresión:

"poderá tamén realizarse con baixas de crédito noutros conceptos orzamentarios."

Emenda nº7, ao apartado 1.f), de Supresión. Artigo 8

Débese suprimir o texto da letra f) do apartado Un.

Emenda nº8, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 8

Débese suprimir o texto do último parágrafo do apartado 5, que di así:

"Para os efectos de facilitar a xestión entre diferentes centros de gasto dentro dunha mesma sección, as transferencias de crédito que afecten os gastos de funcionamento (221, 222, 227.00, 227.01 e 229) serán autorizadas polo seu titular, por teren a consideración de redistribucións de crédito."

Emenda nº9, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir o texto do apartado 1.

Emenda nº10, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 11

Débese substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:

"Dous. No ano 2017, as retribucións do persoal ao servizo do sector público experimentarán o incremento que se determine mediante os acordos correspondes na mesa de negociación da función pública cos axentes sociais, ademáis este incremento será como mínimo do 1,5% en relación coas vixentes a 31 de decembro de 2016, comparado por períodos homoxeneos."

Emenda nº11, de Adición. Artigo 11 bis)

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"11.bis) Fondo de Acción Social :

Dotarase os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2017, dun fondo denominado de Acción Social que suporá o 1% da Masa Salarial do Capítulo I, correspondente ao persoal funcionario, laboral e docente dependente da administración autonómica."

Emenda nº12, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 12

Débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "A taxa de reposición de efectivos correspondente a un ou varios dos sectores para os que se fixa un máximo do cen por cento na normativa básica que se estableza ao respecto..."

Debe dicir: "A taxa de reposición de efectivos correspondente a un ou varios dos sectores para os que se fixa un mínimo do cen por cento na normativa básica que se estableza ao respecto..."

Emenda nº13, ao apartado 2.a), de Substitución. Artigo 35

Débese substituír o texto da letra a) do apartado 2 polo seguinte:

“a) Polas desviacións que poidan xurdir entre as previsións iniciais dos ingresos incondicionados contidos nesta lei e a súa evolución real. O importe das desviacións determinarase a 30 de setembro, considerando para elo como máximo o 70% dos ingresos incondicionados inicialmente previstos, sendo esta a data límite para propoñer o axuste na contía global do endebedamento autorizado.”

Emenda nº14, de Adición. Artigo 60

Débese engadir un novo artigo no Capítulo I co seguinte texto:

“Art.60.- Imposto sobre o dano medioambiental
Modifícase o artigo 11 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, que queda redactado como segue:

Artigo 11. Cota tributaria e tipo de gravame

1. A cota tributaria do imposto determinase por aplicación do tipo de gravame trimestral, 3.200 euros por hm³, á base imponible.

2. A cota resultante obtida conforme a alínea anterior multiplícase polo coeficiente (1+a-b) en función do saldo bruto do aproveitamento e, de ser o caso, da potencia instalada do aproveitamento hidroeléctrico, onde:

a = será o resultado de aplicar a seguinte escala ao salto bruto medido en metros desde a cota de toma e, no seu defecto, desde o punto de coroación do encoro ata o punto de restitución e, no seu defecto, ata o leito do encoro:

Tramos do salto bruto	Por cada metro
Ata 30 m	0,0001
De 30,01 a 100 m	0,0005
De 100,01 a 300 m	0,001
De 300,01 a 600 m	0,01
De 600,01 m en adiannte	0,04

b = será o resultado de aplicar, de ser o caso, a seguinte escala á potencia instalada do aproveitamento en MW:



Tramos de potencia	Por cada MW
Ata 200 MW	0,0005
De 200,01 MW en diante	0,001

A aplicación do coeficiente anterior non poderá supoñer, de ser o caso, unha redución superior ao 25 por cento da cota inicial."

Emenda nº15, de Adición. Artigo 61

Débese engadir un novo artigo no Capítulo I co seguinte texto:

“Artigo 61.- Implantación de novos impostos sobre grandes superficies comerciais, bebidas de alto contido en azucres, sobre grandes propietarios de vivendas baleiras, e sobre depósitos bancarios.

No prazo de dous meses, o Goberno da Xunta de Galicia, elaborará as propostas normativas necesarias para a implantación de catro novos impostos autonómicos sobre as grandes superficies comerciais, as bebidas de alto contido en azucres, sobre os grandes propietarios de vivendas baleiras, e sobre os depósitos bancarios que haberán de ser aprobadas polo Parlamento de Galicia.”

Emenda nº16, de Adición. Artigo 62

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

“Artigo 62.- Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas
Modifícase o artigo 4 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado por Decreto Legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do Imposto sobre a renda das persoas físicas.

Os tipos da escala autonómica, de aplicación á Comunidade Autónoma de Galicia, do imposto sobre a renda das persoas físicas serán os seguintes:

Base Liquidable dende	Base liquidable ata euros	Cota íntegra euros	Resto base liquidable ata euros	Tipo aplicable porcentaxe
0	12.450,01	0,00	0	9,40%
12.450,01	20.200,01	1.182,75	12.450,00	11,75%
20.200,01	27.700,01	2.093,38	7.500,00	15,50%
27.700,01	35.200,01	3.255,88	7.500,00	17,00%
35.200,01	47.600,01	4.530,88	7.500,00	18,50%
47.600,01	60.000,01	6.824,88	12.400,00	20,50%
60.000,01	70.000,01			22,00%
70.000,01	90.000,01			22,50%
90.000,01	130.000,01			23,50%
130.000,01	150.000,01			24,50%
150.000,01				25,00%

As leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia poderán modificar a escala prevista neste artigo. No prazo de dous meses, o Goberno da Xunta de Galicia elaborará un proxecto de deducións aplicables aos novos tramos introducidos, que deberán ser aprobados de forma definitiva polo Parlamento de Galicia.”

Emenda nº17, de Adición. Artigo 63

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 63.- Imposto sobre o Patrimonio
Engádesse un novo artigo 13bis ao Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en

materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“Artigo 13bis. Escala autonómica do Imposto sobre o Patrimonio
Os tipos da escala autonómica, de aplicación na Comunidade Autónoma de Galiza, do imposto sobre o patrimonio serán os seguintes:

Base liquidable ata euros	Cota íntegra euros	Resto base liquidable ata euros	Tipo aplicable porcentaxe
0	0,00	167.129,45	0,24
167.129,45	401,11	167.123,43	0,36
334.252,88	1.002,46	334.246,87	0,61
668.499,75	3.041,66	668.499,76	1,09
1.336.999,51	10.328,31	1.336.999,50	1,59
2.673.999,01	31.319,20	2.673.999,02	2,09
5.437.998,03	86.403,20	5.437.998,04	2,62
10.695.996,06	222.242,73	en diante	3,28

As leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia poderán modificar a escala prevista neste artigo.”

Emenda nº18, de Adición. Disposición adicional primeira

Débese engadir un novo apartado á Disposición adicional primeira, co seguinte texto:

"Catro.- A Consellería de Facenda facilitaralle á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento a información subministrada ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas en cumprimento do establecido na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira. A citada información remitirase ao Parlamento de Galicia co

mesmo alcance e contido, e nos mesmos prazos establecidos na citada normativa.”

Emenda nº19, de Supresión. Disposición adicional sétima

Débase suprimir a Disposición adicional sétima.

Emenda nº20, de Substitución. Disposición adicional oitava

Débase substituír o texto da Disposición adicional oitava polo seguinte:

"No ano 2017 as persoas beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, de pensións do Fondo de Asistencia Social e do subsidio de garantía de ingresos mínimos terán dereito á percepción dunha prestación única non inferior a 210 euros, nas condicións que estableza o Consello da Xunta por proposta da consellaría con competencias en materia de benestar social."

Emenda nº21, de Supresión. Disposición adicional décima

Débase suprimir a Disposición adicional décima.

Emenda nº22, de Supresión. Disposición adicional décimo segunda

Débase suprimir a Disposición adicional décimo segunda.

Emenda nº23, de Adición. Disposición adicional décimo oitava

Débase engadir unha Disposición adicional décimo oitava co seguinte texto:

“Décimo Oitava.- Revisión do nivel de beneficios fiscais
No prazo de dous meses, o Goberno da Xunta de Galicia, realizará unha proposta de minoración selectiva e ponderada



sen afectación do principio de equidade e redistribución do actual nivel de beneficios fiscais nos impostos de Sucesións e Doazóns, IRPF e Transmisións e Actos Xurídicos Documentados, previstos nos Orzamentos para 2017. Esta minoración deberá de traducirse nun incremento de carácter permanente nos ingresos correntes dos orzamentos para 2017, 2018 e 2019."

Emenda nº24, de Adición. Disposición derradeira primeira bis)

Débese engadir unha Disposición derradeira co seguinte texto:

"Disposición derradeira primeira bis).- Modificación do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario

Un.- Modifícase o punto 1. do artigo 121.- Remisión e aprobación da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que queda redactado do seguinte xeito:

1.- A Conta Xeral da Comunidade de cada ano formarase antes do 30 de xuño do ano seguinte ó que se refire e remitirase logo de acordo da Xunta ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Contas dentro dos dous meses seguintes á súa formación.

Dous.- Engádesse un novo paragrafo ao final o punto 4. do artigo 94.- O seu exercicio da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que queda redactado do seguinte xeito:

4.- Malia o disposto na alínea 3 deste artigo, por acordo da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, poderá establecerse o control interno realizado a través da función interventora en organismos autónomos, e entes públicos. Agás no Servizo Galego de Saúde (SERGAS), onde o control interno realizarase necesariamente a través da función interventora, sen prexuízo da existencia de control financeiro."

Emenda nº25, de Adición. Disposición derradeira primeira ter

Débese engadir unha Disposición derradeira co seguinte texto:

"Disposición derradeira primeira ter).- Modificación da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.

Engádesse un novo parágrafo o punto 1. do artigo 25.- Presentación das contas da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, que queda redactado do seguinte xeito:

1. O Consello de Contas, por delegación do Parlamento de Galicia, procederá ó exame e comprobación da conta xeral da Comunidade Autónoma dentro do prazo de seis meses, a partir da data na que se rendese.

O Pleno dictará a declaración definitiva que lle mereza para elevala ó Parlamento coa oportuna proposta, dando traslado á Xunta de Galicia, a cal deberá dispo-la publicación das conclusións no Diario Oficial de Galicia.

Sen prexuízo do anterior, a emisión e envío ao Parlamento dos Informes correspondentes ás contas da Administración xeral e do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), realizarase antes do 30 de marzo do ano consecutivo ao seguinte ao do exercicio económico ao que correspondan."

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 30/12/2016 18:14:58

Antón Sánchez García na data 30/12/2016 18:15:07

José Manuel Lago Peñas na data 30/12/2016 18:15:19

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, solicita a esa Mesa se proceda a realizar a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro de entrada **2826**.

Debe Modificarse a emenda nº1 punto cinco que queda do seguinte Xeito.

Cinco.- Os beneficios fiscais que afectan ós tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado á Comunidade Autónoma estímase en 1.648.947.594 euros, consonte o seguinte detalle

- Imposto sobre sucesións e doazóns: 144.299.000 euros
- Imposto sobre a renda das persoas físicas (tarifa autonómica): 19.755.000 euros
- Imposto sobre transmisións e actos xurídicos documentados: 136.834.594 euros
- Imposto sobre o patrimonio: 21.510.000 euros
- Imposto sobre o valor engadido: 1.233.930.000 euros
- Imposto sobre hidrocarburos: 89.335.000 euros
- Imposto sobre Alcohol e Bebidas Derivadas: 3.280.000 euros

En cumprimento do establecido no artigo 55.2. da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, o importe das subvencións reguladoras fíxase en 178.087.843 euros.“

Débase Modificar a emenda nº 16 que queda do seguinte xeito.

Propónse engadir un apartado novo ao Título VII. Normas tributarias Capítulo II.- Tributos cedidos, co seguinte texto:

“**Artigo 62.-** *Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas*



Modifícase o artigo 4 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado por Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do Imposto sobre a renda das persoas físicas.

Os tipos da escala autonómica, de aplicación á Comunidade Autónoma de Galicia, do imposto sobre a renda das persoas físicas serán os seguintes:

Base Liquidable dende	Cota íntegra euros	Resto base liquidable ata euros	Tipo aplicable porcentaxe
0	0,00	0	9,40%
12.450	1.182,75	12.450,00	11,75%
20.200	2.093,38	7.500,00	15,50%
27.700	3.255,88	7.500,00	17,00%
35.200	4.530,88	12.400,00	18,50%
47.600	6.824,88	12.400,00	21,00%
60.000	10.200,00	10.000,00	23,00%
70.000	12.600,00	20.000,00	23,50%
90.000	17.550,00	40.000,00	24,00%
130.000	26.000,00	20.000,00	24,50%
150.000	32.250,00	En diante	25,00%

As leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia poderán modificar a escala prevista neste artigo.

Débase Modificar a emenda nº 17 Engadindo o final o seguinte Texto:

Artigo 13 Tris: Mínimo Exento.

O mínimo exento no Imposto sobre o Patrimonio establécese en 500.000 euros.

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:



Luis Villares Naveira na data 04/01/2017 13:42:04

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO DE ORZAMENTOS XERAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2017 (NUM. EXPE.
10/PL-000001).**

Emenda nº1, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 2

Débese modificar o punto un do artigo 2, que quedará redactado co seguinte contido:

"Un. Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas, consígnanse créditos por importe de 10.801.147.972 euros."

Emenda nº2, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo punto cinco bis no artigo 3, que quedará redactado co seguinte contido:

"Cinco bis. Participación da Xunta de Galicia en calquera outra entidade.

A Xunta de Galicia dará conta, trimestralmente, ao Parlamento de Galicia da relación e clase da participación que manteña en calquera outra sociedade ou entidade á marxe das citadas nos puntos anteriores deste artigo, e no que deberá reflectirse os datos fundamentais da mesma, tales como á súa porcentaxe de participación, o importe das subvencións, no seu caso concedidas, os beneficios ou dividendos no seu caso percibidos; ou as achegas realizadas."

Emenda nº3, ao apartado Un.I, de Adición. Artigo 7

Débese engadir ao final da alínea l) do punto un do artigo 7 o seguinte contido:

Engadir in fine: "Neste senso, a Administración autonómica comprométese a resolver as solicitudes da Risga no prazo máximo de dous meses e, de non cumprirse este prazo,

abonarase a maiores da prestación o interese que aparece no artigo 26.6 da Lei 5/2003, do 17 de decembro."

Emenda nº4, ao apartado Un.q bis), de Adición. Artigo 7

Débese engadir unha nova alínea q bis) no punto un do artigo 7, que quedará redactada co seguinte contido:
"q bis) Os fondos destinados á subvención das instalación de enerxía renovable e aforro enerxético."

Emenda nº5, ao apartado Un.q ter), de Adición. Artigo 7

Débese engadir unha nova alínea q ter) no punto un do artigo 7, que quedará redactada co seguinte contido:
"q ter) Os gastos destinados á gratuidade de libros de texto."

Emenda nº6, ao apartado Un.q quater), de Adición. Artigo 7

Débese engadir unha nova alínea q quater) no punto un do artigo 7, que quedará redactada co seguinte contido:
q quater) Os gastos para a atención da dependencia derivados do concerto de prazas residenciais, de unidades de estancia diurna, do servizo de axuda a domicilio e das prestacións económicas."

Emenda nº7, ao apartado Un.q quinquies), de Adición. Artigo 7

Débese engadir unha nova alínea q quintus) no punto un do artigo 7, que quedará redactada co seguinte contido:
"q quintus) Os créditos destinado ao pagamento das bolsas a estudantes universitarios e universitarias e en formación."

Emenda nº8, ao apartado Cinco bis), de Adición. Artigo 8

Débese engadir un novo punto cinco bis no artigo 8, que quedará redactado co seguinte contido:



"Cinco bis. Sen prexuízo do establecido no artigo 68.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, así como nos puntos anteriores deste artigo, o importe máximo das transferencias de crédito que se autoricen para cada consellaría durante este exercicio non poderá diminuír as consignacións iniciais, ao nivel de vinculación legalmente establecido, en máis dun 20 por cento.

O indicado no parágrafo anterior non será aplicable nos seguintes casos:

a) Cando teñan por obxecto incrementar conceptos do capítulo I de gastos.

b) Cando se refiran á sección 23, «Gastos de diversas consellarías».

c) Cando se refiran ao centro de xestión 5001 do Servizo Galego de Saúde.

d) Cando se refiran a fondos propios que pasen a cofinanciar proxectos con fondos europeos.

e) Cando se refiran aos créditos consignados no capítulo V de gastos.

f) Cando se refiran a axudas ou subvencións, no caso de que a orde de convocatoria pola que se rexe a súa concesión asigne o gasto a diversas aplicacións orzamentarias e non sexa posible determinar previamente a contía imputable a cada unha delas.

g) As que se refiren ás transferencias de financiamento das entidades instrumentais do sector público autonómico.

h) Cando se realicen entre créditos dos capítulos VI e VII do estado de gastos, así como as que se realicen dentro deles.

i) Cando teñan por obxecto atender gastos extraordinarios derivados de catástrofes, sinistros ou outras actuacións de natureza análoga e carácter excepcional.

j) Cando teñan por obxecto adecuar a natureza económica dos créditos necesarios para o mantemento dos centros de saúde de titularidade municipal, na medida en que se produza a transferencia da súa titularidade ao Servizo Galego de Saúde.

k) Cando teñan por obxecto adecuar a natureza económica dos créditos dun programa orzamentario que permita o cumprimento da súa finalidade.

l) Cando se trate de modificacións de crédito derivadas das obrigas a que se refire o artigo 60.2 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

m) Cando se realicen entre créditos dos capítulos II e IV do estado de gastos, así como as que se realicen dentro deles."

Emenda nº9, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 9

Débese modificar o punto dous do artigo 9 a seguinte expresión:

Ao final do primeiro parágrafo onde di: "...por proposta motivada da Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos." debe dicir: "..., por proposta motivada dos xestores e autorizada pola Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos."

Emenda nº10, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 9

Débese engadir ao final do segundo parágrafo do punto dous do artigo 9 o seguinte contido:

Engadir in fine: "...e no prazo de dez días hábiles."

Emenda nº11, de Adición. Artigo 10 bis. Sección de prevención de corrupción

Débese engadir un novo artigo 10 bis que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 10 bis. Sección de prevención de corrupción.

Para o ano 2017 se establece unha sección de prevención de corrupción, que incluírá a revisión das contratacións e subvencións levadas a cabo polo Goberno galego nos últimos anos."

Emenda nº12, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 12

Débese engadir ao final do segundo parágrafo do punto dous do artigo 12, que quedará redactado co seguinte contido:

Engadir in fine: "Agás nos sectores de ensino e sanidade, nos que non se aplicará a taxa de reposición de efectivos podendo incorporar os necesarios para a prestación de servizos coa necesaria calidade."

Emenda nº13, ao apartado Un, de Adición. Artigo 13

Débese engadir unha nova alínea g bis) no punto un do artigo 13, que quedará redactada co seguinte contido:
"g bis) Persoal dos Servizos Públicos de Emprego."

Emenda nº14, ao apartado Tres, de Adición. Artigo 13

Débese engadir unha nova alínea k bis) no punto tres do artigo 13, que quedará redactada co seguinte contido:
"k bis) Persoal dos Servizos Públicos de Emprego."

Emenda nº15, de Modificación. Artigo 17

Débese modificar o artigo 17, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 17. Retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo

Un. No ano 2017, as retribucións dos altos cargos experimentarán unicamente o incremento que, no seu caso, estableza a lexislación básica estatal para as persoas empregadas públicas, sen prexuízo da percepción de catorce mensualidades da retribución por antigüidade que lles poida corresponder de conformidade coa normativa vixente.

Dous. No ano 2017, as retribucións dos membros do Consello de Contas experimentarán unicamente o incremento que, no seu caso, estableza a lexislación básica estatal para as persoas empregadas públicas.

Tres. No ano 2017, as retribucións dos membros do Consello Consultivo de Galicia experimentarán unicamente o incremento que, no seu caso, estableza a lexislación básica estatal para as persoas empregadas públicas."

Emenda nº16, de Modificación. Artigo 18

Débese modificar no segundo parágrafo do artigo 18 o seguinte contido:

Onde di: "...das gratificacións por servizos extraordinarios, en cómputo anual, e as retribucións..." debe dicir: "...das gratificacións por servizos extraordinarios ou calquera tipo de

produtividade do posto de orixe, en cómputo anual, e as retribucións..."

Emenda nº17, ao apartado Dous bis), de Adición. Artigo 21

Débase engadir un novo punto dous bis no artigo 21, que quedará redactado co seguinte contido:

"Dous bis. No ano 2017 as retribucións dos consellos de administración das sociedades mercantís públicas ou das entidades públicas empresariais non experimentarán incremento con respecto ás vixentes o 31 de decembro de 2016.

Os altos cargos do sector público autonómico que sexan membros dos consellos de Administración ou órgano equivalente de calquera das entidades que conforman o sector público autonómico, non cobrarán ningunha clase de retribución ou indemnización como membros de tales consellos, sendo ditas contías ingresadas directamente na conta xeral da Tesourería da Xunta de Galicia."

Emenda nº18, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 26

Débase engadir ao final do punto dous do artigo 26 o seguinte contido:

Engadir in fine: "...A adaptación prevista neste parágrafo debe cumprirse nos seis meses seguintes á aprobación desta lei."

Emenda nº19, de Modificación. Artigo 29

Emenda de modificación do artigo 29, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 29. Nomeamento de profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá efectuar nomeamentos de profesorado para prazas a tempo parcial con carácter excepcional e debidamente motivado, non podendo ser o horario de traballo inferior ao correspondente a media xornada, dándosele preferencia para optar a estas ao profesorado que voluntariamente queira



acceder a elas, especialmente a aquelas persoas que aleguen necesidades de conciliación da vida familiar e laboral."

Emenda nº20, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 34

Débase suprimir o segundo parágrafo do punto un do artigo 34.

Emenda nº21, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 34

Débase modificar o segundo parágrafo do punto dous do artigo 34, que quedará redactado co seguinte contido:
"O réxime de autorización previa conxunta polo de comunicación trimestral que determinen as consellerías competentes en materia de universidades e orzamentos."

Emenda nº22, de Adición. Artigo 43 bis. Valoración dos proxectos relevantes

Débase engadir un novo artigo 43 bis, que quedará redactado co seguinte contido:

Artigo 43 bis. Valoración dos proxectos relevantes

A consellería competente en materia de facenda, en colaboración co departamento ou ente instrumental do sector público autonómico que promova o proxecto, impulsará e coordinará a realización dun informe sobre a valoración e oportunidade da súa execución, cando o mesmo teña un impacto social relevante, valorando os seus custes e beneficios. En todo caso se entenderán que deberan contar preceptivamente con tal informe, os proxectos de investimento ou cunha participación do sector público autonómico, que orixinen un gasto superior aos 5.000.000 €, así como calquera licitación que se pretenda facer polo sistema de concesión pública. Darase conta ao Parlamento de Galicia de tales informes de xeito trimestral."

Emenda nº23, de Adición. Artigo 44 bis. Información ao Parlamento de Galicia da contratación



Débase engadir un novo artigo 44 bis que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 44 bis. Información ao Parlamento de Galicia da contratación

A Xunta de Galicia remitirá, mensualmente, ao Parlamento de Galicia a relación de expedientes de contratación superiores a 3.000 euros formalizados por cada unha das seccións orzamentarias e entidades instrumentais do sector público autonómico, con indicación expresa do obxecto do contrato, orzamento de licitación, procedemento e modalidade de adxudicación, licitadores presentados, importe de adxudicación e adxudicatario."

Emenda nº24, de Adición. Artigo 46

Débase engadir un novo parágrafo no punto un do artigo 46, que quedará redactado co seguinte contido:

"Teñen a consideración de subvencións nominativas aquelas nas que a dotación orzamentaria e a persoa beneficiaria individualizado polo nome ou razón social aparecen determinados expresamente no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma."

Emenda nº25, de Adición. Artigo 47 bis. Concesión directa de axudas e subvencións

Débase engadir un novo artigo 47 bis, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 47 bis. Concesión directa de axudas e subvencións

A resolución de concesión de subvencións correntes que, con carácter excepcional, se realicen ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirá autorización do Consello da Xunta cando a súa contía supere o importe de 6.010 euros por beneficiario e ano, ou as concedidas por cada departamento da Administración Autonómica que excedan globalmente dos 60.100 euros no exercicio, exceptuadas as que vaian ser formalizadas mediante convenio ou instrumento bilateral, ás que lles será aplicable o réxime xeral previsto no artigo 26.3 da dita Lei 9/2007."



Emenda nº26, de Adición. Artigo 47 ter. Xustificación de axudas e subvencións

Débase engadir un novo artigo 47 ter, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 47 ter. Xustificación de axudas e subvencións

Sen prexuízo do disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para aquelas axudas e subvencións que se concedan con cargo a créditos financiados por recursos procedentes a Unión Europea, a xustificación dos gastos efectuarase con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, logo da comprobación explícita da execución da obra por parte dos servizos técnicos da Xunta de Galicia, e a do pagamento cos xustificantes das transferencias bancaria ou documentos acreditativos os pagamentos realizados, de acordo coa normativa contida nos regulamentos aplicables aos fondos."

Emenda nº27, de Adición. Artigo 47 quater. Obrigas das persoas beneficiarias das axudas e subvencións

Débase engadir un novo artigo 47 quater, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 47 quater. Obrigas das persoas beneficiarias das axudas e subvencións

Os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, ou ser debedor ou debedora por resolución de procedencia de reintegro serán obtidos pola propia Administración autonómica, previa autorización no momento da solicitude da persoas beneficiaria en relación coas subvencións seguintes:

- a) As outorgadas a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, dos seus organismos autónomos, entes públicos, sociedades públicas, fundacións e demais entes vinculados ou dependentes da Xunta de Galicia que deban exercer a súa actividade con suxeición ás normas de dereito público.
- b) As outorgadas a favor dos órganos estatutarios de Galicia.
- c) As libradas a favor da Administración do Estado, dos seus organismos autónomos e das entidades públicas dela dependentes, así como dos órganos constitucionais.
- d) As libradas a favor doutras comunidades autónomas, dos seus organismos autónomos e das entidades públicas delas dependentes.



- e) As outorgadas a favor das universidades.
- f) As outorgadas a favor das corporacións locais e dos seus organismos autónomos.
- g) As bolsas e axudas destinadas expresamente a financiar estudos en centros de formación públicos e privados, cando as perciban directamente as persoas individuais beneficiarias.
- h) As subvencións con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo IV, "Transferencias correntes" destinadas a familias e institucións sen fins de lucro.
- i) As que non superen os 3.000 euros individualmente e se concedan con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo VII, "Transferencias de capital", destinadas a familias e institucións sen fins de lucro.
- j) Aquelas axudas ou subvencións nas que, por concorreren circunstancias debidamente xustificadas, derivadas da natureza, do réxime ou da contía da subvención, así se estableza mediante orde da consellería competente en materia de economía e facenda.
- k) As subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social e cooperación internacional que se concedan a entidades sen fins lucrativos, así como a federacións, confederacións ou agrupación delas.
- l) As subvencións ou axudas que se concedan con cargo ao artigo 77 do orzamento de gastos, cando non superen por beneficiario/a e axuda o importe de 1.500 euros.
- m) As concedidas aos/ás beneficiarios/as para a mellora da condición de financiamento que se paguen a través das entidades financeiras correspondentes.
- n) As axudas que se concedan para incentivar a contratación de seguros no sector agrario e acuícola, amparados no Plan de Seguros Agrarios Combinados.
- ñ) As axudas que se concedan con carácter de compensación ou indemnizatorio.

Dous. Quedan exceptuados da abriga de presentación de garantías que establece o artigo 67 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, do 13 de xuño, os centros tecnolóxicos que sexan recoñecidos como tales pala consellería competente na materia de investigación, desenvolvemento e innovación."

Emenda nº28, de Adición. Artigo 48 bis. Contratos de colaboración público privada



Débese engadir un novo artigo 48 bis, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 48 bis. Contratos de colaboración público privada

Un. As fórmulas de colaboración público-privadas non se utilizarán para o financiamento de investimentos no ámbito dos servizos públicos básicos. En particular, estas fórmulas non poderán ser utilizadas para a construción, explotación, mantemento ou xestión de centros públicos sanitarios ou educativos.

Dous. O prazo máximo de concesión das colaboracións público – privadas será de 25 anos improrrogables.

Tres. O Goberno galego deberá presentar, no prazo máximo de tres meses, dende a aprobación desta lei, no Parlamento de Galicia para a súa aprobación, un estudo sobre a sostibilidade das finanzas públicas que determine os límites da colaboración público privada. Dito estudo, coas determinacións que permitan garantir a solvencia e sostibilidade das finanzas de Galicia, deberá estar aprobado antes de comprometer ningunha outra iniciativa de colaboración público-privada.

Catro. Correspóndelle á consellería competente en materia de facenda a competencia para autorizar os proxectos de investimento que vaian a executarse a través de fórmulas de colaboración público - privada por calquera entidade do sector público galego.

Cinco. En todo caso o importe global para calquera anualidade futura dos compromisos de pagos adiados, non poderá superar en conxunto a porcentaxe do 1,7 % do orzamento consolidado do exercicio no que pretenda aprobar calquera nova contratación que empregue fórmulas de colaboración público - privadas."

Emenda nº29, ao apartado Cinco bis), de Adición. Artigo 52

Débese engadir un novo punto cinco bis no artigo 52, que quedará redactado co seguinte contido:

"Cinco bis. En calquera caso, a Xunta de Galicia non poderá incrementar o número de unidades concertadas nos centros educativos."

Emenda nº30, de Adición. Artigo 52 bis. Control dos gastos de propaganda e publicidade



Débese engadir un novo artigo 52 bis, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 52 bis. Control dos gastos de propaganda e publicidade
Os gastos de información, divulgación, propaganda ou publicidade que realice calquera das consellerías ou entes instrumentais do sector público autonómico de Galicia, requirirán o informe previo e vinculante da consellería competente en materia de comunicación social, conforme aos modelos homoxéneos e procesos que regulamentariamente se establezan. Ditos gastos deberán ser comunicados polo órgano promotor da acción á Consellería de Facenda, acompañados do informe anterior, dándose conta dos mesmos, para a súa información, ao Parlamento de Galicia."

Emenda nº31, de Adición. Artigo 55 bis. Convenios, subvencións e transferencias aos concellos

Débese engadir un novo artigo 55 bis, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 55 bis. Convenios, subvencións e transferencias aos concellos

A Xunta de Galicia procederá á reasignación de convenios, subvencións e transferencias ós concellos de tal xeito que se poda acadar un incremento dos fondos incondicionados aos concellos galegos de, cando menos, unha porcentaxe de aumento do 20 % en relación ao ano anterior."

Emenda nº32, de Adición. Artigo 59 bis. Mínimo exento no Imposto sobre o patrimonio

Débese engadir un novo artigo 59 bis, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 59 bis. Mínimo exento no Imposto sobre patrimonio

Modifícase o artigo 13 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que quedará redactado do seguinte xeito:

O mínimo exento sobre o patrimonio establécese en 400.000 euros, excluindo da devandita contía a cantidade de ata 400.000 euros correspondente á vivenda habitual."

Emenda nº33, ao apartado Tres bis), de Adición. Disposición adicional primeira

Débese engadir un novo punto tres bis na disposición adicional primeira, que quedará redactado co seguinte contido:

"Tres bis. Pola Administración autonómica se comunicará á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia, calquera alteración en relación ás concesións de obra pública, incluídas as relativas ás actuacións da Axencia Galega de Infraestruturas, de modificación das concesións en fase de explotación baixo o réxime de canon á demanda."

Emenda nº34, ao apartado Tres ter), de Adición. Disposición adicional primeira

Débese engadir un novo punto tres ter na disposición adicional primeira, que quedará redactado co seguinte contido:

"Tres ter. Coa remisión do proxecto orzamentario, a Xunta de Galicia axuntará a documentación relativa á liquidación dos orzamentos do exercicio anterior e un estado de execución do vixente exercicio ao mes anterior ao de dita presentación."

Emenda nº35, de Adición. Disposición adicional primeira bis. Oficina de Control Orzamentario

Débese engadir unha nova disposición adicional primeira bis, que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición adicional primeira bis. Oficina de Control Orzamentario

Co obxectivo de mellorar a transparencia e o control parlamentario do orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia, o Parlamento de Galicia creará, logo dos trámites oportunos, unha Oficina de Control Orzamentario, dependente organicamente da Oficialía Maior, como departamento de carácter técnico e funcións de seguimento, información, documentación e apoio aos grupos parlamentarios, ao longo de todo o ciclo orzamentario. Ademais para cada iniciativa lexislativa, dita Oficina, efectuará unha análise dos seus efectos financeiros a curto, medio e longo prazo, sobre as contas públicas e adicionalmente poderá efectuar labores de asesoramento específico aos grupos parlamentarios en



relación ás decisións ou acordos a adoptar no Parlamento de Galicia.

Dita oficina de control orzamentario non suporá aumento de gasto público e deberá contar co apoio da Administración autonómica."

Emenda nº36, de Adición. Disposición adicional sétima

Débese engadir ao final da disposición adicional sétima o seguinte contido:

Engadir in fine: "O Instituto Galego da Vivenda e Solo deberá tomar as medidas axeitadas para garantir que o solo desenvolvido por iniciativa pública e interese xeral non poida ser obxecto de especulación por parte dos compradores, establecendo controis que permitan o claro destino do chan industrial á xeración de actividade económica e emprego en Galicia. A estes efectos o Goberno galego deberá garantir que o chan industrial promovido por iniciativa pública da Xunta de Galicia que non xere actividade económica e emprego nos tres anos seguintes á súa venda e posta a disposición por parte dos propietarios retornará ao patrimonio da Xunta.

Igualmente a Xunta de Galicia, a través do Igape, implantará un programa de actuación que contemple axudas para a adquisición do solo empresarial promovido dende o sector público autonómico."

Emenda nº37, de Modificación. Disposición adicional oitava

Débese modificar na disposición adicional oitava o seguinte contido:

Onde di: "...á percepción dunha prestación única non superior a 210 euros, nas condicións..." debe dicir: "...á percepción dunha prestación única no superior a 220 euros, nas condicións..."

Emenda nº38, de Adición. Disposición adicional décima

Débese engadir ao final do parágrafo primeiro da disposición adicional décima o seguinte contido:



Engadir in fine: "En todo caso deberán ser respectados a totalidade dos dereitos laborais do persoal afectado."

Emenda nº39, de Adición. Disposición adicional décima

Débese engadir un novo parágrafo segundo bis na disposición adicional décima, que quedará redactado co seguinte contido:
"Ditas modificacións se levarán a cabo logo da previa negociación na Mesa Sectorial e de acordo co disposto no Plan de ordenación de Recursos Humanos do Servizo Galego da Saúde."

Emenda nº40, de Supresión. Disposición adicional décimo segunda

Débese suprimir a disposición adicional décimo segunda.
Debe suprimirse.

Emenda nº41, de Supresión. Disposición adicional décimo terceira

Débese suprimir a disposición adicional décimo terceira.
Debe suprimirse.

Emenda nº42, de Adición. Disposición transitoria segunda bis. Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Débese engadir unha nova disposición transitoria segunda bis que quedará redactada co seguinte contido:
"Disposición transitoria segunda bis. Disposición derogatoria única. Derogación normativa
Queda derogada a Lei1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, agás o seu artigo 4.1.Tres (Complemento de destino dos ex altos cargos) que manterá a súa vixencia."

Emenda nº43, de Modificación. Exposición de motivos

Débese modificar no parágrafo primeiro da epígrafe I da exposición de motivos o seguinte contido:

Onde di: "A nosa Comunidade, durante o período de contracción económica, apostou firmemente por unha política económica dirixida á eficiencia do gasto, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e á recuperación da actividade económica." debe dicir: "A nosa Comunidade, durante o período de contracción económica, apostou firmemente polo cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria."

Emenda nº44, de Modificación. Exposición de motivos

Débese modificar no sétimo parágrafo da epígrafe I da exposición de motivos o seguinte contido:

Onde di: "...que se concretaba nun límite do 0,5 por cento do produto interior bruto (PIB) para o ano 2017,..." debe dicir: "...que se concretaba nun límite do 0,6 por cento do produto interior bruto (PIB) para o ano 2017,..."

Emenda nº45, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no décimo parágrafo da epígrafe I da exposición de motivos o seguinte contido:

Na terceira liña suprimir a seguinte expresión: "...co reforzo do compromiso co gasto social..."

Emenda nº46, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir no décimo parágrafo da epígrafe I da exposición de motivos o seguinte contido:

Despois de: "...contía do complemento específico,..." engadir a seguinte expresión: "empregadas e empregados públicos e altos cargos do Goberno galego e outro persoal directivo, as persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior."



Emenda nº47, de Modificación. Exposición de motivos

Débese modificar no parágrafo décimo terceiro da epígrafe II da exposición de motivos o seguinte contido:

Onde di: "...nunha contía máxima ao equivalente ao 0,5 por cento do PIB rexional, co que se acomoda..." debe dicir: "...nunha contía máxima ao equivalente ao 0,6 por cento do PIB rexional, co que se acomoda..."

Emenda nº48, de Modificación. Exposición de motivos

Débese modificar no parágrafo décimo sexto da epígrafe II da exposición de motivos o seguinte contido:

Onde di: "...fusión ou incorporación voluntaria a outros concellos e as variables de poboación..." debe dicir: "...fusión ou incorporación voluntaria a outros concellos e constituicións de áreas metropolitanas e as variables de poboación..."

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/12/2016
17:04:12**



 Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz solicita a esa mesa se procesa a realizar unha corrección de erros advertida no documento con número de rexistro 2817, correspondente ás emendas ao articulado presentadas por este grupo ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Na emenda número 1, onde di: “... 10.801.147.742.”, debe dicir: “ ... 11.171.547.972.”

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/01/2017 12:47:44

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO DE ORZAMENTOS XERAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2017 (NUM. EXPE.
10/PL-000001).**

Emenda nº1, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 2

Emenda de substitución. Artigo 2.Un

Substitúese o primeiro parágrafo do artigo 2.Un polo seguinte texto:

"Un.- Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por importe de 10.936.147.972 euros, distribuídos da forma seguinte:

	Cap. I-VII Gastos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral	4.743.193.771	94.407.569	1.590.182.345	6.427.783.685
Organismos autónomos	3.776.558.816	14.148.867		3.790.707.683
Entidades públicas instrumentais	1.864.004			1.864.004
Axencias públicas autonómicas	658.696.252	39.100.000	17.996.348	715.792.600
Total	9.180.312.843	147.656.436	1.608.178.693	10.936.147.972

As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das axencias públicas representan ... (continúa igual)"

Emenda nº2, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 2

Emenda de substitución. Artigo 2. Catro

Substitúese o apartado Catro do artigo polo seguinte:

"Catro.- Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 10.936.147.972 euros, distribuídos da seguinte forma:

	Cap. I-VII Ingresos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral e órganos estatutarios	8.642.851.718	22.179.632	2.020.664.501	10.550.695.851
Organismos autónomos	216.169.323	655.000		216.824.323
Axencias públicas autonómicas	200			200
Axencias públicas autonómicas	16.625.464	7.002.134	10.000.000	33.627.598
Total	8.875.646.705	29.836.766	2.030.664.501	10.936.147.972

Emenda nº3, ao apartado 1, de Adición. Artigo 9

Emenda de adición. Artigo 9.Un

Engádese un novo parágrafo, a continuación do primeiro co seguinte texto:

“Non obstante, en ningún caso se poderán realizar axustes que impliquen a minoración dos créditos incluídos en programas que financien servizos públicos básicos.”

Emenda nº4, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 11

Emenda de modificación. Artigo 11.Dous

Substitúese a expresión “non poderán experimentar ningún incremento con respecto ás” por “experimentarán un incremento global do 3 por cento con respecto ás”.

Emenda nº5, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 11

Emenda de supresión. Artigo 11. Tres

Suprímese o apartado Tres do artigo 11.

Emenda nº6, ao apartado 7, de Adición. Artigo 11

Emenda de adición. Artigo 11. Sete

Engádese un novo apartado sete:

“Sete. Nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2017, dotarase un fondo de acción social por valor do 1 por cento da masa salarial do capítulo I, correspondente ao persoal funcionario, laboral e docente dependente da Administración galega.”

Emenda nº7, ao apartado 2, de Adición. Artigo 12

Emenda de adición. Artigo 12. Dous

No artigo 12. Dous, engádese o seguinte parágrafo:

“Non obstante o establecido nos parágrafos anteriores, no ámbito da administración galega e do sector público dependente da mesma a taxa de reposición de efectivos poderá aumentarse por riba do 100 por cento, nos sectores e administración con competencias en materia de sanidade, educación, servizos sociais e emerxencias en función das necesidades que determinen os servizos públicos afectados.”

Emenda nº8, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 12

Emenda de supresión. Artigo 12. Cinco

Suprímese o apartado Cinco do artigo 12.

Emenda nº9, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 13

Emenda de substitución. Artigo 13. Un

Substitúese o texto do artigo 13.Un polo seguinte:

“Un. Durante o ano 2017, poderá procederse, no sector público da Comunidade Autónoma, á contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal, persoal laboral temporal ou de funcionarios interinos nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que sexan precisos para garantir o axeitado funcionamento dos servizos públicos esenciais e dos servizos administrativos.”

Emenda nº10, de Supresión. Artigo 18

Emenda de supresión. Artigo 18

Suprímese o artigo 18.

Emenda nº11, ao apartado 1.b), de Substitución. Artigo 20

Emenda de substitución. Artigo 20. Un b)

Substitúese a alínea b) polo seguinte texto:

“b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, e o seu importe de cada unha delas será o importe dunha

mensualidade ordinaria, comprendendo o soldo, os trienios, e os complementos de destino e específico na súa integridade. Cando o persoal funcionario preste unha xornada de traballo reducida durante os seis meses anteriores aos meses de xuño e decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.”

Emenda nº12, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 21

Emenda de modificación. Artigo 21.Dous

Substitúese a expresión “non experimentarán incremento respecto das” por “experimentarán un incremento global do 3 por cento respecto das”.

Emenda nº13, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 22

Emenda de modificación. Artigo 22.Un

Substitúese, no segundo parágrafo do apartado Un do artigo 22, a expresión “non experimentarán incremento respecto das” por “experimentarán un incremento global do 3 por cento respecto das”.

Emenda nº14, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 22

Emenda de modificación. Artigo 22. Dous

Substitúese a expresión “non experimentarán incremento respecto das” por “experimentarán un incremento global do 3 por cento respecto das”.

Emenda nº15, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 23

Emenda de modificación. Artigo 23. Dous

Substitúese a expresión “non experimentarán incremento respecto das” por “experimentarán un incremento global do 3 por cento respecto das”.

Emenda nº16, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 24

Emenda de modificación. Artigo 24.Un

Substitúese a expresión “non experimentarán incremento respecto das” por “experimentarán un incremento global do 3 por cento respecto das”.

Emenda nº17, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 24

Emenda de modificación. Artigo 24.Dous

Substitúese a expresión “non experimentarán incremento respecto das” por “experimentarán un incremento global do 3 por cento respecto das”.

Emenda nº18, de Supresión. Artigo 29

Emenda de supresión. Artigo 29

Suprímese integramente o artigo 29.

Emenda nº19, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 32

Emenda de substitución. Artigo 32.Un

Substitúese o texto do apartado Un do artigo 32 pola seguinte redacción:

"De conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, e en concordancia coa evolución da masa salarial do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma e coa normativa básica en materia de reposición de efectivos, quedan autorizados como limite máximo os seguintes custos do persoal das universidades, nos seguintes importes, expresados en miles de euros:

	Masa Salarial	Cargas sociais	Total
A Coruña	79.796	12.416	92.185
Santiago de Compostela	132.213	16.509	148.722
Vigo	80.803	12.704	93.567
Total	292.845	41.628	334.732

Emenda nº20, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 32

Emenda de modificación. Artigo 32. Dous

Substitúese a expresión “non experimentarán incremento respecto das” por “experimentarán un incremento global do 3 por cento respecto das”.

Emenda nº21, de Modificación. Artigo 33

Emenda de modificación. Artigo 33

Substitúese a expresión “non experimentarán incremento respecto das” por “experimentarán un incremento global do 3 por cento respecto das”.

Emenda nº22, de Adición. Artigo 45.Bis



Emenda de Adición. 45.Bis

Engádese un novo artigo 45.Bis coa seguinte redacción:

“Artigo 45.Bis. Contratos de colaboración público-privada e de concesión de obra pública.

Un. Durante o período de vixencia desta lei non se utilizarán contratos de colaboración público-privada para financiar investimentos en servizos públicos básicos.

En todo caso, os contratos de concesión de obra pública deberán modificarse co fin de que, en ningún caso, o canon ou portaxe satisfeito ao concesionario supere o custo financeiro que a administración debería asumir no caso de financiar directamente a execución da obra.

Dous. Durante o ano 2017, iniciaranse os procedementos específicos que sexan necesarios para o rescate de concesións outorgadas a través de procedementos de colaboración público-privada en servizos públicos sanitarios ou educativos.

Tres. Na documentación a que se refire a letra b) do punto 5 do artigo 51 do Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galiza, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, incluírase un Anexo que especifique os compromisos derivados dos contratos de colaboración público-privado celebrados así como dos que se prevea celebrar durante o exercicio ao que corresponda o proxecto de Lei de Orzamentos, cunha clara referencia a contía dos investimentos financiados por esta vía e dos pagos anuais previstos ao longo da súa duración. Para garantir a solvencia das contas autonómicas e a transparencia, así como a asunción de compromisos plurianuais excesivos, calquera incorporación dun proxecto aprobado pola Xunta de Galiza non previsto no orzamento deberá remitírselle ao Parlamento de Galiza, incluíndo na información que se lle remita a este a mesma documentación que a esixida para as actuacións incorporadas ao proxecto de orzamentos”.

Emenda nº23, ao apartado 6, de Adición. Artigo 52

Emenda de adición. Artigo 52

Engádese un novo apartado Seis ao final do artigo 52:



“Seis.- A Xunta de Galiza non poderá, en ningún caso, incrementar o número de unidades concertadas nos centros educativos.”

Emenda nº24, de Adición. Artigo 55.Bis

Emenda de Adición. 55.Bis

Introdúcese un novo artigo 55.Bis co seguinte texto:

“Artigo 55.Bis. Pagamento de axudas e subvencións aos concellos.

Un. Durante o ano 2017 as bases reguladoras das axudas e subvencións financiadas con cargo a orzamentos da Comunidade Autónoma estableceran con carácter xeral a concesión de pagamentos anticipados do 80 por 100 do importe concedido sen necesidade de achegar garantías por parte dos concellos así como a mancomunidades de entidades locais, consorcios locais, ou entidades asociativas análogas constituídas maioritariamente polas entidades locais de Galiza, consonte o artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza.

Dous. A concesión dos devanditos anticipos tamén será aplicábel cando os beneficiarios das axudas e subvencións sexan entidades vinculadas aos concellos, calquera que sexa a súa forma xurídica, sempre que o concello participe de xeito maioritario nos seus órganos de administración ou dirección e ostente unha posición de control análogo ao dos seus propios servizos.”

Emenda nº25, de Adición. Artigo 55.Ter

Emenda de adición.Artigo 55 Ter

Engádese un novo artigo, a continuación do 55.Bis, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 55.Ter. Convenios, subvencións e transferencias aos concellos.

A Xunta de Galiza procederá á reasignación de convenios, subvencións e transferencias ás entidades locais, particularmente as que teñen por obxecto financiar servizos



locais básicos, co obxectivo de acadar un incremento dos fondos incondicionados a través do Fondo Galego de Cooperación Local.

A estes efectos, durante 2017 a reasignación implicará, polo menos, unha porcentaxe de aumento do 25 por cento en relación ao ano anterior."

Emenda nº26, ao apartado 5, de Adición. Artigo 56

Emenda de adición. Artigo 56. Cinco

Engádese un novo apartado Cinco ao artigo 56:

"Cinco.- En todo caso, non se poderán practicar retencións, compensacións de transferencias do Fondo de Cooperación Local ás entidades locais relativas a débedas sobre as cales existan discrepancias xustificadas expresadas pola entidade local e baseadas nos informes dos servizos económicos ou de intervención de dita entidade. A estes efectos, en ningún caso se considerarán como vencidas, líquidas e exixíbeis as débedas sobre as que se notificara unha discrepancia xustificada, polo que non poderán practicarse retencións ou compensacións nin requirirse o pagamento até que haxa conformidade da entidade local, previa fiscalización dos internos de órganos de control financeiro, ou se resolva polo órgano xudicial competente."

Emenda nº27, ao apartado 1, de Adición. Artigo 57

Emenda de adición. Artigo 57. Un

Engádese un novo parágrafo ao final do artigo 57.Un, coa seguinte redacción:

" Nos casos onde se manifeste expresamente, a través dunha resolución administrativa, emitida polo órgano competente dunha entidade local ou das entidades formadas polas mesmas e baseada nos informes correspondentes dos órganos de control económico-financeiro ou dos servizos de xestión económica de dita entidade local, a non conformidade coas



débedas económicas reclamadas desde a administración galega ou calquera entidade pública instrumental, empresa mercantil ou fundación do sector público autonómico, non se considerarán en ningún caso, e aos efectos deste Capítulo, como débedas vencidas, líquidas e exixíbeis as débedas até que haxa unha resolución xudicial ou acordo administrativo que ditamine a discrepancia. Neste caso, non poderán practicarse retencións nin requirirse o pagamento, nin efectuarse compensacións ou retencións de transferencias pendentes da administración galega á entidade local, até que haxa conformidade desta, previa fiscalización dos internos de órganos de control financeiro."

Emenda nº28, ao apartado 1, de Modificación. Disposición adicional primeira

Emenda de modificación. Disposición adicional primeira

No apartado Un, substitúese a expresión “trimestralmente” por “mensualmente nun soporte informático apto para o tratamento dos datos”.

Emenda nº29, ao apartado 2, de Modificación. Disposición adicional primeira

Emenda de modificación. Disposición adicional primeira

No apartado Dous, substitúese a expresión “trinta días” por “dez días naturais”.

Emenda nº30, ao apartado 4, de Adición. Disposición adicional primeira

Emenda e adición. Disposición adicional primeira

Engádese un novo apartado Catro á disposición adicional primeira.



“Catro. Co obxectivo de mellorar a transparencia e o control parlamentario do orzamento da Comunidade Autónoma de Galiza, crearase en 2017 unha Oficina Orzamentaria no Parlamento de Galiza, logo dos trámites oportunos segundo o Regulamento da Cámara.

As súas funcións serán de seguimento, información, documentación e apoio aos grupos parlamentarios, no que atinxe á execución orzamentaria, así como de vixilancia do cumprimento das finalidades e dos indicadores dos distintos proxectos de gasto do orzamentos.

Ademais, tamén exercerá funcións de análise da situación económica-financeira a curto, medio e longo prazo, sobre as contas públicas.

